



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2023

Sendo as 9:00 horas do día 16 de marzo de 2026, xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 2 de febreiro de 2026, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Alberto Rilo Nogueira (funcionario de carreira do Concello de Bergondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo).

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe.

Ás 9:20 horas o Tribunal trasládase ao lugar de celebración do terceiro exercicio da oposición, ao Edificio Cultural A Senra do Concello de Bergondo, comprobándose os medios e as condicións para a realización do terceiro dos exercicios da oposición, regulado na base 7ª as bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025)

Ás 9:45 horas, procédese ao chamanento único dos aspirantes convocados na primeira quenda, ás 9:30 horas, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e Nome	DNI
1	Cabanas Veira, María Gabriela	***3497**
2	Cruz Ceide, María	***4083**
3	Dacosta González, Paula	***8218**
4	De la Fuente García, Sandra María	***7827**
5	García Campos, Ana Isabel	***9829**
6	Moreira Vilanova, Pablo	***2273**

Polo Tribunal infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio e dáse lectura á Base 7ª das específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) no seguinte termos:

«**Terceiro exercicio:** Consistirá en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre un sistema operativo e o paquete ofimático (Libre office) a través de exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo dunha hora. Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles aspirantes que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión e achegasen a certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no Decreto 218/2011 da Xunta de Galicia, (nivel básico ou superior).

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán declarados como non aptos aqueles aspirantes que non supe ren a presente proba sen prexuízo do que logo se dirá respecto da constitución da bolsa de emprego. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos»

A continuación sendo as 9:50 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes dunha hora, ata as 10:50 horas para a súa execución. Os aspirantes que rematen antes do tempo establecido, deberán permanecer na aula ata o remate total do tempo outorgado para súa realización. Ao remate do exercicio, asístese aos aspirantes para gardar os seus exercicios mediante pegada dixital que garantiza a integridade do seu exercicio.

Ás 10:45 horas, procédese ao chamanento único dos aspirantes convocados na segunda quenda, ás 10:30 horas, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (BOP núm. 211 do 04.11.2025). Preséntanse os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade:

Nº	Apelidos e Nome	DNI
1	Núñez García, Tatiana María	***0316**
2	Pena Leira, César	***1875**
3	Pereiro Mantiñán, Lucía	***3283**
4	Quintela Díaz, Laura Ángeles	***5550**
5	Rodríguez Constela, Antía	***6038**
6	Tellado Campos, Patricia	***7408**
7	Trillo González, María Belén	***0405**

Repítense as actuacións levadas a cabo coa primeira quenda de aspirantes.

A continuación sendo as 10:50 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes dunha hora, ata as 11:50 horas para a súa execución. Ao remate do exercicio, asístese aos aspirantes para gardar os seus exercicios mediante pegada dixital que garantiza a integridade do seu exercicio.

Rematado o exame, o Tribunal procede á corrección do terceiro exercicio nos Pcs empregados para a realización da proba. Os exames dos aspirantes grávanse nun pendrive para a súa incorporación ao expediente electrónico. O resultado da corrección é o seguinte, indicando as derradeiras 6 últimas posicións da pegada dixital de cada un dos exames:

Pegada dixital	APTO/NON APTO
***18785h	APTO
***4721Ch	APTO
***108ECh	APTO
***35497h	APTO
***82F8Fh	APTO
***C22E1h	APTO
***1D010h	APTO
***70F84h	APTO
***065A2h	APTO
***EA065h	APTO
***D86ADh	APTO
***73DD0h	APTO
***59598h	APTO

Consta no expediente administrativo 2025/E001/000014 a acreditación documental, por parte de tódolos aspirantes que teñen superado os tres primeiros exercicios da oposición, da titulación que os exime da realización do cuarto exercicio da oposición, regulado na Base 7ª das específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025) no seguinte termos:

«Cuarto exercicio:

Coñecemento de galego. Consistirá na realización dunha proba escrita que serva para acreditar o coñecemento do idioma galego, sen prexuízo de que por parte do tribunal se poidan levar a cabo preguntas a fin de avaliar igualmente a expresión oral en galego do/a aspirante, nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 3 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos.»

Finalizadas tódalas actuacións, a suma total das puntuacións obtidas nos tres primeiros exercicios polos aspirantes que os superaron é a seguinte, por orde de puntuación de maior a menor:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Total
1	Suárez Expósito, Ignacio Ramón	***8543**	24,05
2	Rodríguez Constela, Antía	***6038**	22,65
3	Moreira Vilanova, Pablo	***2273**	22,40
4	Castelo Fernández, Silvia	***6146**	21,30
5	Dacosta González, Paula	***8218**	20,80
6	Bello Lema, Lucía	***7157**	20,4
7	Rodríguez Patricio, Marta	***1079**	20,30
8	Cruz Ceide, María	***4083**	19,20
9	De la Fuente García, Sandra María	***7827**	18,20
10	Pena Leira, César	***1875**	18
11	Quintela Díaz, Laura Ángeles	***5550**	18
12	Díaz Solano, Marta	***3185**	17,60
13	Ramos Siaba, María Magdalena	***1493**	17,50
14	Vázquez Torres, Óscar	***6359**	17,25
15	García Campos, Ana Isabel	***9829**	16,45
16	Tellado Campos, Patricia	***7408**	16,40
17	Pereiro Mantiñán, Lucía	***3283**	15,60
18	Núñez García, Tatiana María	***0316**	15,50
19	Cabanas Veira, María Gabriela	***3497**	15,4
20	Rodríguez González, Óscar	***7922**	14,55
21	Trillo González, María Belén	***0405**	14,50

Á vista das actuacións indicadas, o Tribunal por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Consonte coa previsión contida na Base 9 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2023, 2024 e 2025 (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), **declarar aprobado a don Ignacio Ramón Suárez Expósito, con dni nº ***8543****

Segundo.- Declarar que o aspirante aprobado está exento da realización do cuarto exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base 5ª.3 das Bases específicas (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Terceiro.- Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como funcionario de carreira oficial administrativo, da Escala de Administración Xeral, subescala auxiliar, adscrito á area de Secretaría e administración xeral, a don Ignacio Ramón Suárez Expósito, con dni nº ***8543**, segundo o disposto no artigo 7 do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, artigo 22 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo e base 9ª das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Cuarto.- O aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de vinte (20) días naturais dende que se faga pública a relación de aprobados, os documentos indicados na Base 10ª.1 das Bases xerais da convocatoria (BOP núm. 211 do 04.11.2025).

Quinto. Dar traslado á alcaldía, para os efectos previstos na Base 13ª das Bases xerais (publicadas no BOP núm. 211 do 04.11.2025), que os aspirantes que se indican a continuación e pola orde decrecente de puntuación obtida e segundo o número de exercicios superados, formarán parte da bolsa de traballo por cumprir o indicado nas citadas Bases, tendo acreditado documentalmente, todos eles, no expediente, o coñecemento da lingua galega:

Nº	Apelidos e Nome	DNI	Total
1	Rodríguez Constela, Antía	***6038**	22,65
2	Moreira Vilanova, Pablo	***2273**	22,40
3	Castelo Fernández, Silvia	***6146**	21,30
4	Dacosta González, Paula	***8218**	20,80
5	Bello Lema, Lucía	***7157**	20,4
6	Rodríguez Patricio, Marta	***1079**	20,30
7	Cruz Ceide, María	***4083**	19,20
8	De la Fuente García, Sandra María	***7827**	18,20
9	Pena Leira, César	***1875**	18
10	Quintela Díaz, Laura Ángeles	***5550**	18
11	Díaz Solano, Marta	***3185**	17,60
12	Ramos Siaba, María Magdalena	***1493**	17,50
13	Vázquez Torres, Óscar	***6359**	17,25
14	García Campos, Ana Isabel	***9829**	16,45
15	Tellado Campos, Patricia	***7408**	16,40
16	Pereiro Mantiñán, Lucía	***3283**	15,60
17	Núñez García, Tatiana María	***0316**	15,50
18	Cabanas Veira, María Gabriela	***3497**	15,4
19	Rodríguez González, Óscar	***7922**	14,55
20	Trillo González, María Belén	***0405**	14,50
21	Lema Pacín, Estefanía	***0303**	21,30
22	Figueira Torres, Sabela	***3514**	19,75
23	Martínez Martínez, Pilar	***5370**	18,50
24	Pampín Mariñas, María	***7342**	17,85
25	Vilasuso Bergantiños, Víctor José	***6213**	16,10
26	García Sánchez-Bálgoma, María Pilar	***9293**	9,90
27	González Vaamonde, Mónica	***2040**	9,10
28	Santamariña Cadaveira, Mónica	***0669**	8,35
29	Hermida Fernández, Airas	***6091**	8,15
30	Cravea Alzueta, Patricia	***1322**	7,75
31	Vázquez Cortizo, Julia	***7499**	7,25
32	Meizoso Mazás, Sandra	***1752**	6,85
33	Calviño Dorado, Mónica	***2522**	6,50
34	Regueiro Viqueira, María del Carmen	***5741**	6,35
35	Jiménez Román, Elena	***4380**	6,20
36	Leira López, Rosa Lorena	***5572**	6,05



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os Vogais

A secretaria

CVD: wJYq+oqQhNtI/OqgDcms Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.bergondo.gal/>